

RECURSOS FORMAIS

FONÉTICOS

Aliteración: reiteración de sons iguais ou semellantes nunha palabra ou frase:

“no souto do outo outono” (U. Novoneyra)

Onomatopea: imitación dun son: “Tic-tac, tic-tac, faguía o espertador na mesa de noite”, (A. Fole)

Paronomasia: colocar nunha frase dúas ou máis palabras de pronuncia semellante, mais de significado diferente: “ollo o ollo que olla e non olla...” (U. Novoneyra)

LÉXICO-SEMÁNTICOS

Antítese: contraposición de expresións que teñen significados contrarios: “Cando foi, iba sorrindo / cando veu, viña morrendo” (Rosalía)

Apóstrofe: invocación dirixida a un ser, animal ou obxecto personificado: “Ondas do mar de Vigo! / se vistes meu amigo” (Martín Códax)

Comparación: compáranse dúas cousas ou conceptos que teñen unha semellanza: “Pasaron os cabalos da noite / coma un vento mouro” (C.E. Ferreiro)

Diloxía: xogar co dobre sentido dunha palabra dentro dun mesmo enunciado: “-¡ A ver! ¿Qué ten? / -Home, sr. doutor, moito non é, pero para pagarlle chegará, supoño” (Carrabouxos)

Hipérbole: esaxeración desmedida dalgunha cualidade ou dun feito: “Pingaba a noite nas pupilas dos que estaban mortos de frío” (C.E. Ferreiro)

Interrogación retórica: oración interrogativa que non precisa ou da que non se agarda resposta: “-¡ Monte Branco! ¡Monte Branco! / ¿qué che fixen eu a ti?” (Noriega Varela)

Ironía: exprésase o contrario do que se pensa, con intención humorística ou de denuncia

Metáfora: consiste en denominar un obxecto ou concepto real co nome doutro imaxinario, co que garda unha relación de semellanza:

Metonimia: designar unha cousa co nome doutra que mantén con ela unha relación de contigüidade: Bebeu dous ribeiros (dúas tazas)

Oximoron: unión de dous termos de significados opostos que non se exclúen: “¡Adios! sombras queridas, ¡adios! sombras odiadas” (Rosalía)

Paradoxo: empregar expresións que encerran contradicións ou que se opoñen á experiencia xeral: “Tes en cambio orfos e orfas / e campos de soledad, / e nais que non tén fillos / e fillos que non tén pais” (Rosalía)

Personificación: atribuír cualidades humanas a un animal, obxecto ou concepto abstracto: “O sol berrou coa mañán” (Amado Carballo)

Símbolo: aludir a un concepto abstracto mediante a referencia a un obxecto concreto que o representa

Sinestesia: atribuír a un termo cualidades sensoriais que non lle son propias

MORFOSINTÁCTICOS

Anadiplose: empezar un verso coa última palabra do verso anterior: “non che teño medo moucho / moucho non che teño medo” (P. Ballesteros)

Anáfora: repetición dunha palabra ao inicio de cada estrofa ou de cada verso para enfatizalo: Camiño, camiño longo / Camiño da miña vida (Cabanillas)

Asíndeto: omisión de nexos entre palabras:

Epíteto: adxectivo que destaca unha cualidade que é propia do nome que acompaña: “Todo é silencio mudo” (Rosalía)

Hipérbato: é a alteración da orde lóxica dos elementos na oración: “Dun amor celestial, verdadeiro / quedou solo de bágoas a proba” (Curros)

Paralelismo: repetición de estruturas sintácticas: “Ondas do mar de Vigo! / se vistes meu amigo / Ondas do mar levado! / se vistes meu amado” (Martín Códax)

Polisíndeto: repetición innecesaria de nexos coordinantes para unir palabras: “o alpendre de palla i a roda da bica / i o berce do neno i a cunca do sal/ i o Cristo de barro i o testo do pote” (García Ferreiro)